



Olives, un topónimo singular

Fernando Cabeza Quiles

fecabezaquiles@edu.xunta.es

Resumo. No presente artigo escóllese a explicación do topónimo Olives como mostra palpable e significativa dun caso de etimoloxía popular equivocada e mesmo consolidada a nivel culto ou semiculto polo estamento eclesiástico, o cal interpreta, aínda que non sexa a nivel bibliográfico nin escrito, este topónimo estradense como alusivo á arbore chamada oliveira, cando, en realidade, e tal como explicaremos deseguido, o nome de lugar Olives alude a outra circunstancia. Xunto ao enganoso topónimo Olives coméntanse e explícanse outros topónimos galegos e un portugués, que, pola súa forma, tamén falsamente transparente, poden, así mesmo, inducir a erros e a falsas interpretacións, tales como A Palma, O Allo, A Cebola, León e Chaves.

Abstract. This article explains the toponym *Olives* as a palpable and significant sample of a wrong etimological example, even consolidated by the church in the ducated or semi-educated level. They interpret this toponym as an allusion to the tree *Oliveira* but, in fact, the name *Olives* refers to another situation. Besides this deceitful toponym *Olives*, the article comments other Galician toponyms and another one Portuguese (*A Palma, O Allo, A Cebola, León* and *Chaves*) which can lead us to make mistakes and wrong interpretations because of their falsely transparent form.

Quizais, ou sen quizais, sexa a oliveira a árbore bíblica por antonomasia. Así, cando se retiraron as augas do diluvio universal, a pomba volveu levando no seu bico unha folla de oliveira (Xénes 8, 11). Así mesmo, a folla da oliveira era emblema de prosperidade, beleza, forza e de bendición divina (Salmos 52, 10), (Xeremías 11, 16) e (Oseas 14, 6). Igualmente, Xesús ora na horta das oliveiras (Lucas 22, 39-46). Por estes exemplos e moitos máis, que sería tedioso enumerar, constatamos que a tradición xudeo-cristiá está moi ligada á oliveira, árbore que, por ser símbolo de paz e bendición divina, aparece moitas veces nos adros das nosas igrexas campesiñas, con oliveiras que antigamente, nalgunhas partes de Galicia, subministraban a materia prima dos santos óleos, usados nalgúns sacramentos, e proporcionaban pólas para a cerimonia do Domingo de Ramos, conmemorativa da entrada de Xesús de Nazaret en Xerusalén; usos relixiosos aos que cómpre engadir, na igrexa católica o da lámpada chea

de aceite de oliva que debe arder continuamente, colocada nun lateral do Sagrario, para indicar a presenza nel de Xesús Sacramentado. A Biblia, en fin, está chea de referencias ao aceite e o nome de “crisot” significa o “unxido (con aceite de oliva)”.

Os devanditos e outros usos simbólicos e rituais das oliveiras e do seu produto por parte da igrexa católica deberon influír e inducir a que o estamento eclesiástico plantase, dende tempo inmemorial, oliveiras nos adros dos seus templos, como un compoñente sagrado máis destes. Así, esta tradición, xunto co falsamente transparente topónimo Olives, debeu ser a causante de que o señor cura da parroquia estradense así chamada plantase unha oliveira no adro da súa igrexa, árbore que, ao presentar aínda pequeno porte, pode ser a última descendente doutras árbores da mesma especie anteriores e correlativas, que serían así mesmo alí chantadas por párrocos predecesores, na convicción, por etimoloxía popular, de que o enganoso topónimo Olives facía referencia a unha ou varias oliveiras ancestrais, cuxo hábitat sagrado sería, de acordo coas devanditas crenzas e tradicións relixiosas, o adro da igrexa, o que non se corresponde coa realidade filolóxica, xa que o topónimo estradense Olives provén, con toda seguridade, da palabra latina *aurifices*, que nun principio daría un antigo *Ourives, convertido, despois, en *Oulives, para rematar no Olives actual, o cal sinala, xa que logo, a presenza no lugar dun antigo obradoiro de ourives, isto é, de persoas que facían e vendían obxectos de ouro e prata; o que resulta raro, pois sabemos, por aparecer en estatutos perfectamente documentados, que esta clase de talleres artesanais tiñan restrinxida e limitada, pola autoridade eclesiástica compostelá, a principal impulsora e beneficiaria do seu traballo, a súa presenza, a cal se circunscibía en exclusiva á cidade de Santiago, onde os peregrinos eran os principais consumidores desta artesanía. Así, recollemos de López Ferreiro que: “En las tiendas de la puerta de las Platerías o de los *oulives* (orífices) se surtían los peregrinos de objetos de oro y plata adornados con esmaltes y piedras preciosas” (López Ferreiro, 1983 (reed.), t. 5: 96).

O mesmo López Ferreiro nos *Fueros municipales de Santiago y de su tierra* escribe: “A la puerta septentrional de la Basílica [refírese á catedral compostelá] estaban, como hemos dicho, las tiendas y mesas de los cambiadores: a partir de la *Puerta Santa* hasta más allá de la puer-

ta meridional [na actual Praza das Praterías], se hallaban las tiendas de los plateros u *oulives* (*aurifices*) [unha das formas antigas, a de *ouli- ves*, que dimos para o actual topónimo estradense Olives]. Constituían éstos un gremio importantísimo que comprendía también a los joyeros y a los esmaltadores. No conocemos las antiguas ordenanzas de este gremio; sólo sabemos de algunos estatutos que les dio el Arzobispo D. Lope de Mendoza, en el año 1431, y que publicaremos más adelante” (López Ferreiro, 1975, (edic. facsím.): 115).

Os devanditos estatutos, dados polos arcebispo don Lope de Mendoza no ano 1431, para seren cumpridos polas tendas dos prateiros, dados a coñecer en forma de bando, especificaban que: “por quanto se labrara e vendera la plata [...] algunos tiempos *escondidamente* [o subliñado é noso] en diuiersos lugares de la dicha cibdad [de Santiago] por Razon que vendían la plata que no hera fina nin marcada por fina e marcada [...] por lo que el dicho señor arçobispo por seruicio de Dios e contemplacion deste santo apostolo e vtylidad e hornamiento desta cibdad e de la República e bien comun, e por heuitar los dichos engannos e males que asy cometyan, hordenara e mandara e estatuyra que dende en adelante non fueseese alguno osado su ciertas penas de labrar nin vender plata [...] saluo publicamente en los portales [...] e tyendas e casas en que están e moran los oribez [...] en tal manera que ninguno de aquí en adelante non labren plata, nin la vendan [...]” (López Ferreiro, 1975, (idic. facsím.) : 489-490).

A devandita prohibición arcebispal de que se traballase e se vendese a prata só en determinadas zonas da cidade de Santiago, como eran as tendas e as casas dos ourives, recoñecidos e controlados como tales, que moraban e laboraban na contorna da actual Praza das Praterías, antigamente dos Oulives, tamén aparece recollida noutra disposición do arcebispo don Lope de Mendoza, mandada pregar polos alcaldes de Santiago no ano 1418, segundo a cal “manda noso señor o arçobispo que non seja nihuu ousado de lavar plata de dia en esta çidade de Santiago salvo ennas tendas da plaça dos oulives e qualquer que o contrario feses que page por cada ves seisçentos maravedis... Outrosi quaesquer que tee tendas enna dita porta e portal dos Oulives que as non posan teer çarradas salvo

dous días santos [...]” (Izquierdo Perrín en *www.academiagallegabel-lasartes.org*: 122).

Vemos, pola devandita documentación, que o arcebispado de Santiago controlaba a artesanía da prata e do ouro e a localizaba, por decreto, na antiga Porta e Praza dos Oulives, hoxe Praza das Praterías, polo que nun principio resúltanos rara e difícil de entender, como indicamos antes, a presenza dun obradoiro de ourives, *oulives* ou *olives* na actual parroquia estradense de Olives, situada en territorio do antigo e actual Arcebispado de Santiago, aínda que tamén puido suceder que a mitra compostelá autorizase e controlase no seu día, aínda que polo de agora non teñamos documentación deste feito, o antigo taller estradense de ourives, a existencia do cal nos é confirmada polo inequívoco topónimo Olives, o cal vemos explicado, *a posteriori*, nos mesmos termos que o fixemos nós, polo filólogo e profesor Gonzalo Navaza, quen ao respecto escribe: “No NG [Nomenclátor de Galicia] non atopamos outros topónimos equivalentes [refírese aos topónimos galegos similares ao de Olives, pero que fan referencia á oliveira]. Non pertence a este tema [ao da oliveira] Olives, nome dunha parroquia da Estrada, que corresponde a un antigo Oulives<Ourives< AURIFICES, plural de oficio (cf. *Oleiros, Ferreiros, etc.*)” (Navaza, 2006: 379).

Aínda que o topónimo Olives nada ten que ver, aínda que o pareza, de aí a plantación por etimoloxía popular dunha oliveira no adro parroquial, coa árbore chamada oliveira, esta si deu os fitónimos galegos A Oliva, Val da Oliva, O Olivar, O Oival, O Ival, Oliveira, A Oliveira, Olveira, Olveiroa, Olveda, abundancial en -eda, antes *-etam*, o mesmo que os fitónimos do mesmo tema Olivedo e Oivedo, que son abundanciais en -edo, antes *-etum*, e Solveira, topónimo moi probablemente proveniente dun antigo *sub illa olivaria*, “debaixo da oliveira”.

Algúns dos fitónimos ou fitotopónimos anteriores tamén se atopan no concello da Estrada; caso dos microtopónimos Oliveira e A Oliveira, documentados na parroquia de San Pedro de Parada; e Oliveira, Oliveiras, na de San Martiño de Riobó, topónimos menores recollidos no seu día *in situ* por Manuel Reimóndez Portela, e transmitidos e recuperados recentemente por María José Folgar Brea



Oliveira no adro de Olives-A Estrada.

(Folgar Brea, 2009: 159 e 171). O mesmo para A Oliveira, nome dun lugar da parroquia de San Martiño de Callobre (Folgar Brea, 2008: 303).

Outro topónimo que, como o estradense de Olives, xerou unha realidade (neste caso unha celebración) ficticia sen base real, ao ser tamén interpretado erroneamente por etimoloxía popular, é o de Melide (A Coruña), vila e concello onde se celebra a Festa do melindre, pola similitude formal entre o topónimo Melide, que en realidade fai referencia ao nome persoal dun posesor medieval, e a palabra “melindre”.

En Cacheiras, Teo, (A Coruña), celébrase a Festa da Exaltación da Cacheira, ao relacionaren, así mesmo por etimoloxía popular, a saborosa cacheira do porco co topónimo Cacheiras; confusión ou interpretación errónea que xa cometeu un amanuense medieval, o cal, ao citar a parroquia de Cacheiras, a transcribe co nome de

“Carnicarias”, cando en realidade o topónimo Cacheiras se explica a partir do verbo do latín serodio *cappelare*, relacionable con significados de “cortar” no sentido de desbravar ou rozar un territorio virxe e inculto. Así, dende esta perspectiva, habería que equiparar o nome de lugar Cacheiras cos de Cacha, Cachada, Cachadas, Cacharela e Cachaza, que son topónimos agrícolas sinalizadores de antigas roturacións consistentes en cachar, cavar, romper, cortar e despois queimar unha superficie montesía para plantar, preferentemente, trigo; de aí que o nome de lugar Cacheiras, plural da voz “cacheira”, se refira a unhas terras de monte cavado (Cabeza Quiles, 2000: 87-88) e non a cacheira ou cabeza do porco salgada, aínda que a interpretación errada do topónimo dese lugar á devandita celebración gastronómica.

En fin, se no adro da igrexa estradense de Olives plantaron un *olivo* ou unha oliveira por unha falsa interpretación do topónimo, na vila pontevedresa de Baiona, no lugar e parque chamado A Palma plantaron varias palmeiras, cando, segundo cremos, o microtopónimo A Palma nada ten que ver co nome da devandita planta tropical, aínda que o pareza.

Noutras ocasións a interpretación equivocada dun topónimo por etimoloxía popular dá lugar a aparición, en época moderna, dun topónimo contiguo ao primeiro, que é o máis antigo e, polo tanto, de máis difícil interpretación. É o caso do topónimo moderno A Cebola, nome de lugar replicante ao dun lugar próximo chamado O Allo, situados, ambos os dous no concello coruñés de Zas; producíndose ou creándose recentemente o topónimo A Cebola (hai A Cebola de Arriba e A Cebola de Abaixo) como suposta réplica ou complemento do topónimo contiguo e moito máis antigo O Allo, ao se crer que este, por etimoloxía popular ou vulgar, fai alusión á planta da familia das liliáceas chamada allo, parente botánico da cebola, cando en realidade o topónimo O Allo, repetido en Galicia, é, segundo pensamos, unha forma desnasalizada de Anllo, referíndose, polo tanto, a un ángulo, recodo, esquina ou recanto fluvial ou orográfico (Cabeza Quiles, 2008: 136).

Outro caso de equivocación popular en toponimia é o do macrotopónimo León, referido ao golfo do mar Mediterráneo dese apela-

tivo, que debe ser o mesmo que o da cidade francesa de Lyon, constituíndo, xa que logo, este pseudotopónimo León outra mala tradución ou interpretación do francés Lyon por etimoloxía popular, xa que este topónimo galo provén de *Lugudunum* ou *Lugdunum*, o segundo elemento do cal é a voz céltica *dunum*, “fortaleza, altura fortificada (similar á nosa de *briga*) (Cabeza Quiles, 2008: 350). Así, o xentilicio francés de Lyon é *lyonnais*, vocábulo que aparece moito nos medios de comunicación visuais por ser a denominación comercial dun banco multinacional francés chamado *Crédit Lyonnais*, que patrocina o Tour de Francia; entidade bancaria que emprega como mascotiña publicitaria o boneco dun león, noutro caso, como sucede tamén co nome da cidade española de León, de etimoloxía popular trabucada (Cabeza Quiles, 2008: 350); equivocación que se repite con relación á cidade portuguesa de Chaves, cuxo escudo municipal loce, entre outros motivos, dúas grandes chaves, cando, en realidade, a localidade lusa de Chaves recibiu na antigüidade o sobrenome de *Flavia* por serlle concedido o *ius Latii* ou dereito de cidadanía romana polo emperador da dinastía Flavia, Vespasiano, Así, en caso ablativo, de (*Aquis*) *Flaviis* vén Chaves, co *Fl-* latino transformado en en *Ch-* e a palabra *aquis*, referida ás súas augas medicinais, elíptica ou desaparecida (Cabeza Quiles, 2008: 277).

Fontes e bibliografía

- CABEZA QUILES, F., 1992. *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*, Edicións Xerais, Vigo.
- CABEZA QUILES, F., 2000. *Os nomes da terra. Topónimos galegos*, Editorial Toxosoutos, Noia.
- CABEZA QUILES, F., 2008. *Toponimia de Galicia*, Editorial Galaxia, Vigo.
- FOLGAR BREA, M. J., 2008. “A toponimia menor do concello da Estrada. I. Agar-Loimil”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 11, Fundación Cultural da Estrada. Museo M. Reimóndez Portela.
- FOLGAR BREA, M. J., 2009. “A toponimia menor do concello da Estrada. II. Matalobos-Vinseiro”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 12, Fundación Cultural da Estrada. Museo M. Reimóndez Portela.
- IZQUIERDO PERRÍN, R., “Plateros, platerías, outros gremios y sus tiendas”, en www.academiagallegabellasartes.org
- LÓPEZ FERREIRO, A., 1975, (edic. facsím.), *Fueros municipales de Santiago y de su tierra*, Ediciones Castilla, Madrid.

LÓPEZ FERREIRO, A., 1983, (reed.), *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, Edicións Sálvora, Santiago de Compostela.

NAVAZA BLANCO, G., 2006. *Fitotoponimia galega*, Biblioteca Filolóxica Galega, Instituto da lingua Galega, Fundación Pedro Barrié de la Maza.

www.biblia12.com